



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral da Lingua, **DECLARA:**

Que a Secretaría Xeral da Lingua ten previsto subscribir un *Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela, para realizar prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de titulacións de grao impartidas na Facultade de Filoloxía da USC, no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades*, por un período de vixencia de catro anos, prorrogables, desde a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas, dirixido ao alumnado da Facultade de Filoloxía da USC, para realizar no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que é interese de todas as partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas profesionais e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e así mesmo non supón custo económico ningún para cada unha delas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

